

# **REGULAMENTO DE AXUDAS PARA ACTIVIDADES ESTUDANTÍS DA UNIVERSIDADE SÉNIOR**

## **1. OBXECTO DAS AXUDAS**

A Universidade Sénior da Universidade da Coruña pretende, a través deste regulamento, estimular as iniciativas encamiñadas ao incremento da actividade dos estudantes nos ámbitos científicos e culturais, a xeración de hábitos participativos e o coñecemento da Universidade por parte do alumnado.

Para tal efecto, establécese unha acción de apoio que implica a concesión de axudas para a posta en marcha de actividades organizadas por estudantes ou asociacións estudantís dedicadas ao financiamento dos seguintes programas e actividades:

- a) Proxectos de dinamización da información e participación estudantil. Publicacións e campañas informativas soportadas mediante material de imprenta e funxible (revistas, boletíns, carteis, adhesivos, publicidade...). Os proxectos impresos fican comprometidos a se imprimir en papel ecolóxico ou reciclado.
- b) Participación e organización de charlas, mesas de debate e foros de interese para os estudantes (axudas de custo e viaxes para invitados ou representantes asistentes aos foros).
- c) Calquera outro tipo de actividades que favorezan o desenvolvemento da participación activa dos estudantes na propia formación e na libre manifestación de opinións científicas.

Para os efectos desta convocatoria quedan excluídas as actividades de carácter académico previstas nos programas de estudos das diferentes titulacións desta universidade.

## **2. CONDICIÓ N DAS PERSOAS SOLICITANTES. FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓ N DAS SOLICITUDES**

Poderán solicitar axudas os estudantes da Universidade Sénior e as asociacións de estudantes legalmente constituídas, tendo en conta que se poderá presentar unha única solicitude por curso académico, en que farán constar todas aquelas actividades para as que solicitan axuda.

As solicitudes efectuaranse no modelo que figura no anexo e dirixiranse á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións e presentaranse nas sedes da Universidade Sénior na Coruña (r/Almirante Lángara, s/n) ou en Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, campus de Esteiro, s/n).

Haberá dous prazos de presentación de solicitudes ao longo do curso académico: o primeiro será do 1 de novembro até o 31 de decembro; o segundo prazo será do 1 de marzo ao 31 de abril.

A solicitude da axuda deberá estar acompañada da seguinte documentación:

- a) Programa e orzamento detallado das actividades que propoñen (o importe total de cada solicitude non poderá superar o 50% da cantidade asignada para repartir entre todas). Especificaranse tamén as fontes de financiamento externo complementarias solicitadas e/ou concedidas.

- b) No caso de guías, folletos, boletíns, revistas etc., deberase entregar o proxecto para o que se solicita axuda (no caso de ser de nova solicitude) ou o último número publicado (no caso de solicitar axuda para a continuación da publicación).
- c) Temporalizar as actividades, especificando as datas en que se vai realizar cada unha delas.
- d) Os solicitantes que obtiveran unha axuda da Universidade Sénior terán que presentar unha breve memoria xustificativa da súa utilización en canto a investimento do gasto e/ou incidencia, calidade e participación estudiantil nas diversas actividades, no prazo máximo dun mes despois de finalizada a actividade.

### **3. PROCEDEMENTO E CRITERIO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS**

A Comisión Académica de Universidade Sénior estudará as solicitudes ao remate do prazo de presentación. De entre as propostas presentadas, seleccionaranse aquelas que, dunha forma priorizada, mellor respondan ás bases da convocatoria, alcancen unha maior incidencia no colectivo de estudantes ou posúan un maior nivel de calidade. En función do número e das características das solicitudes, poderase conceder unha axuda de contía inferior á solicitada.

A Universidade Sénior publicará a resolución das convocatorias nos 20 días naturais seguintes a que remate o prazo de presentación de solicitudes. A dita resolución publicarase nos taboleiros da Universidade Sénior na Coruña e en Ferrol e notificaráselle a cada solicitante o importe da axuda concedida ou, se for o caso, a causa da súa denegación.

### **4. DOTACIÓN ECONÓMICA**

A dotación económica total é de 1.000 euros por curso académico.

### **5. APLICACIÓN E SEGUIMENTO DAS AXUDAS**

A aceptación da axuda por parte das persoas solicitantes comprométeas a realizar as actividades programadas. Calquera modificación substancial do programa orixinalmente aprobado deberáselle comunicar á Universidade Sénior e solicitar a necesaria autorización para proceder a ela.

Na publicidade das actividades e publicacións derivadas destas farase constar expresamente que foron financiadas ou cofinanciadas pola Universidade Sénior da Universidade da Coruña.

Os pagamentos derivados da aplicación das axudas, xustificados a través das correspondentes facturas, serán tramitados directamente pola Universidade Sénior.

## MODELO DE SOLICITUDE

Nome da persoa solicitante (ou da asociación) .....  
Apelidos e nome do presidente da asociación .....  
Enderezo para os efectos de notificación.....  
Teléfono de contacto.....  
Correo electrónico.....

### PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA

Programa	Actividade	Data de realización	Axuda que se solicita	Axuda que se concede
Proxectos de dinamización da información e participación estudiantil. Publicacións e campañas informativas soportadas mediante material de imprenta e funxible				
Participación e organización de charlas, mesas de debate e foros de interese para os estudantes				
Calquera outro tipo de actividades que favoreza o desenvolvemento da participación activa dos estudantes na propia formación e na libre manifestación de opinións científicas				

A Coruña, ..... de ..... 200...

**SRA. VICERRECTORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN**